

## COMUNICADO

O xoves, 8 de Marzo conmemórase o Día Internacional das Mulleres, un día institucionalizado e apoiado polas Nacións Unidas dende o ano 1.975, con unha ampla traxectoria histórica que compre ser lembrada. Este ano 2018, o 8 de Marzo cobra especial relevancia xa que existe unha chamada mundial a todas as entidades sociais para que a sociedade tome conciencia da situación actual da muller e sobre as desigualdades de xénero.

Dende a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, actualmente formada por sete concellos, e sendo unha entidade que ofrece unha rede de servizos sociais, laborais e educativos a toda a comarca, **consideramos necesario mostrar mediante este comunicado o noso apoio incondicional a loita pola igualdade e o respecto ós dereitos das mulleres.** No ano 2017 acolleemos o Centro de Información ás Mulleres, un centro que ofrece unha atención global á muller e que na actualidade está a levar a cabo unha serie de actividades de conmemoración e sensibilización pola defensa da igualdade e a loita contra a violencia de xénero.

Como presidente actual da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, é miña vontade informar de que **non faremos acto de presenza** na convocatoria e lectura de manifesto o 8 de marzo; **unha muller actualmente alcaldesa acudirá en nome de todos nós**, en este caso, a alcaldesa do Concello de Oimbra, Ana Villarino Pardo.

Dende a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín consideramos que a convocatoria e lectura de manifesto é organizada para e por as mulleres, e queremos permitir que sexan elas as que se expresen e sexan protagonistas no seu día. Pola presente mostramos o noso apoio incondicional e respecto á loita pola igualdade e o traballo realizado dende o Centro de Información ás Mulleres da Mancomunidade de Verín en colaboración con outras entidades da comarca.

En Verín, 7 de marzo de 2018

*José Luis Suárez Martínez*

*Presidente da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín*